

HISTORIA DÁ FILOSOFÍA

A Ilustración

Atopámonos no século XVIII, o século das luces. Nel culmínase o proceso iniciado no Renacemento e aséntanse as bases dos coñecementos que se desenvolverán na contemporaneidade como son as ciencias humanas, as ciencias históricas e as da linguaxe.

A orixe do movemento ilustrado está en Inglaterra, sendo considerados mestres indiscutibles da Ilustración **Bacon**, **Newton** -o gran mestre modelo- **Locke** e **Hume**, aínda que o maior impacto do movemento producírase en Francia -*Siècle des lumières*-, que ocupará un lugar preeminente nesta época converténdose no centro irradiador das luces respecto de todo o continente. **Voltaire** e **Montesquieu** pasaron tres e dous anos respectivamente exiliados en Inglaterra, resultando para ambos unha experiencia estimulante e exemplar.

O máximo teorizador filosófico atopámolo en Alemaña con **Kant**.

En España recíbese a Ilustración a través do dominio francés e do influxo dos “afrancesados”. É afeito recordar a dúas figuras españolas: **Pai Feijóo** e **Jovellanos**.

En todas estas manifestacións nacionais, a palabra “Ilustración” acentúa o carácter de esclarecemento ou clarificación, referíndose á gran importancia do saber racional. Co desenvolvemento da razón, os homes poden camiñar cara á consecución das súas aspiracións e evitarán todos os males, que eran causados sempre polo “escurantismo” en que se viviu. En definitiva, pola **razón** e o **progreso** chegaremos á **liberdade**.

Este espírito ilustrado considérase que foi alumado en Gran Bretaña co **Bill of rights** (Declaración de dereitos), en **1668**, onde se recoñecían os dereitos dos cidadáns e establecíase a monarquía parlamentaria. A culminación sitúase na **Revolución francesa** de **1789** e a **Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán**. Estes feitos políticos están cargados dunha gran significación filosófica que se inicia coa proclamación da ideoloxía liberal-burguesa expresada na “Epístola sobre a tolerancia”, de J. Locke e culmina coas ideas contidas na Enciclopedia.

O feito de que se faga coincidir cronoloxicamente o inicio e o termo da Ilustración con sendas revolucións políticas non implica ningún tipo de ruptura, nin no seu comezo nin no seu final. Podemos dicir que a maior novidade do século XVIII é a pretendida valentía da razón fronte ás trabas coas que se atopou en períodos anteriores: Autoridade, tradición, escurantismo, relixión, etc. Este é o sentido que podemos dar ao “*sapere aude*” de Kant, o *slogan* ilustrado que atopamos no folleto kantiano “Que é a Ilustración”, onde di:

“A Ilustración é a **saída do home da súa minoría de idade** da que el mesmo é responsable. Minoría de idade quere dicir incapacidade para servirse do entendemento sen a dirección doutro. Esta incapacidade constitúe unha falta moral cando procede, non dunha falta de discernimento, senón dun defecto de enerxía e de coraxe imputable á vontade. Atrévete a usar a túa propia razón -*aude sapere*”.

A razón proclámase autárquica e **autónoma**. Intenta liberarse das tutelas ás que había estado sometida: A Teoloxía, Aristóteles e aínda no século pasado (no racionalismo) termínase recorrendo a Deus como fundamento último do pensamento. Xa que logo, a razón debe ter a audacia de trazar a súa propia traxectoria, deixar atrás as “autoridades” e aterse só ás súas leis. Isto non significa un absolutismo da razón, xa que se trata dunha razón limitada, non por limitación allea, senón por un límite nacido do seu propio funcionamento e natureza. Tampouco significa o “libertinismo” racional, senón un exercicio controlado polo método. A razón fíxase a si mesma un método dentro do cal pode aspirar ao éxito.

Esta fe na razón e no método fixo dos ilustrados uns homes **optimistas** sobre a marcha ulterior da humanidade que, sen dúbida, seguiría a senda do **progreso**. Estaban convencidos de inaugurar unha nova etapa de desenvolvemento xeneralizado.

Se o tema que define o século das luces é a razón, o máis tratado e aludido é o da **Natureza**. Este termo adquire nesta época unha especie de maxia. É unha especie de palabra “talisman” ao que se lle atribúen todo tipo de propiedades, como a sabedoría ou bondade. Naturalismo significa valoración do natural e sometemento á natureza. Imponse un achegamento á natureza polo camiño máis rápido: a **experiencia**. Hai que renunciar ao pensar abstracto, ás ideas, ás análises puras do espírito; en contrapartida, hai que limitarse á observación, aos feitos, ao estudio dos fenómenos do mundo. As construcións abstractas e as imposicións da tradición separáronnos da natureza. Bacon, que é visto comunmente como a primeira expresión dos valores da modernidade en puro contraste con aquel período histórico -a Idade Media- que tan pouco aprecio merecía, advértenos do influxo dos ídolos que nos impiden un coñecemento obxectivo da Natureza e ofrécenos a alternativa positiva da lexítima inducción, a cuxo estudio dedicar. Tamén se refire á concepción pragmática do saber que, seguindo o lema “**saber é poder**”, considera despectivamente o pensamento especulativo, mostrando unha nova sensibilidade respecto das artes e aos oficios, cara a todo aquilo que vai significar un maior dominio da Natureza.

Newton, pola súa banda, coroara con éxito a gran revolución científica emprendida pola cultura moderna. Tal circunstancia constituíu un punto de referencia moi sólido para a autoconciencia das luces. O triunfo de Newton foi tal que a súa figura e a súa obra acabaron cubríndose dunha aureola mítica que non permitiu observar moitos matices e precisións que logrou pór de manifesto a investigación actual.

Polo que se refire á ilustración francesa, o newtonismo tivo que enfrontarse co cartesianismo, pero a medida que foi avanzando o século o newtonismo foise impondo de forma crecente, presentándose como unha actitude rigorosa e moderna, mentres que Descartes entorpecía a súa actitude con inhibicións pseudometafísicas. A pesar de todo, moitos ilustrados recoñeceron na complexa obra cartesiana un punto de referencia fundamental para o devir das luces. Tamén Descartes, e ata dun modo especial, quixo construír un pensamento crítico e rigoroso que inaugurase unha nova época da razón. Como filosofía da conciencia e da liberdade imponse como primeira regra “non admitir como verdadeira cousa algunha que eu non vez con evidencia que o é”. A mente humana ha de esforzarse coidadosamente por evitar a precipitación e a prevención con vistas a chegar ao coñecemento obxectivo da verdade. Dese modo, tamén en Descartes a eliminación do falso coñecemento é a tarefa previa á implantación da nova verdade. Por iso non dubida en afirmar que para filosofar seriamente e indagar a verdade de todas as cousas cognoscibles, o primeiro que hai que facer é eliminar todos os “prexuízos”.

Cunha radicalidade e unha universalidade descoñecidas ata entón, a dúbida metódica cuestiona todo o saber recibido para poder cimentar a súa nova verdade sobre bases máis seguras. Por iso os ilustrados non van atopar dificultade en conectar con este aspecto da filosofía cartesiana.

Tamén se produce unha volta ao natural no relixioso co **deísmo naturalista**; en pedagogía, preconizando a fuxida do artificial e societario que malea ao educando - recordemos “O Emilio” de Rousseau-; en dereito, colocando na natureza as normas fundamentais da conducta -tese de H. Grocio-.

A pesar disto, non debemos buscar moita precisión nos ilustrados á hora de concretar o significado e as propiedades deste concepto. Con carácter moi xeral, podemos falar de natureza como continuidade e uniformidade, entendendo por continuidade de feitos os que se nos presentan nun desenvolvemento constante dos acontecementos. Se isto é así, entón a meta da razón -notemos a conxunción dos dous temas- é descubrir as leis que rexen fácticamente eses desenvolvementos constantes, uniformes...; pero coa renuncia explícita a todo intento de penetración na causas íntimas, esenciais, que motivan ese curso continuo dos feitos concretos. Dáse por suposto que a natureza é racional. Nunca pode haber conflito entre a razón e a natureza. Isto fomentou aínda máis a confianza na razón, o optimismo ilustrado e a natureza pasa a ocupar o papel de explicación última que Divos asumira nas explicacións racionalistas.

O terceiro tema que se nos propón na Ilustración é o da **sociedade**. Non cabe a menor dúbida que o froito principal do espírito dos ilustrados é a súa preocupación polo home e a sociedade, ou mellor, polo home en sociedade. A consideración do home como cidadán e a súa preparación para que adquira os seus dereitos na sociedade é tema predominante.

A Ilustración non nos sitúa ante un humanismo teoloxizante, nin ante un humanismo dos valores persoais ao estilo renacentista, senón ante un **humanismo positivista**, que pretende un estudio do ser humano en canto incorporado á natureza e formando parte dela. O estudio do humano debe ser acometido a partir das mesmas premisas e co mesmo método de calquera ciencia natural. Nada do ser humano debe subtraerse á forma de análise científica da época, que é a da análise experimental. Non hai nada, en principio, que diferencie metodoloxicamente o tratamento dun problema físico e o dunha cuestión moral. Coñecer e actuar moralmente nos humanos é algo tan natural como pode ser o respirar. As ciencias naturais adiantáronse ás ciencias morais. Estas, se queren alcanzar a aquelas, deben seguir os seus métodos. A este respecto, é significativo o subtítulo da obra de David Hume: “Tratado da natureza humana”, que di así: “Un intento de introducir o método experimental nos problemas morais”. Esta consideración naturalista de todo o humano vai propiciar o nacemento das **ciencias humanas**: Psicoloxía, pedagogía... Ata pon os fundamentos do que máis tarde se chamará socioloxía.

Todas as consideracións que se facían sobre o home situábano como *sapiens*. Isto colócao na máxima xerarquía dos viventes. Ao aceptar a definición de *homo sapiens*, como animal que ten razón, aceptaran como fundamental que a razón é igual para todos os humanos. Esta igualdade establécese no artigo primeiro da Declaración dos dereitos do home e do cidadán:

“Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos. As distincións sociais non poden estar fundadas máis que na utilidade común”.

Este artigo e toda a declaración é un exemplo da dedicación dos filósofos ilustrados ao servizo práctico da sociedade. En efecto, o máis innovador da mente ilustrada é buscar unha nova concepción teórico-práctica da sociedade. A situación do cidadán na sociedade, coa conquista do “Novo réxime”, como se chamou á organización do Estado xurdida da Revolución francesa, é a de “membro dunha **sociedade libre** composta de moitas familias que participa dos **dereitos** desa sociedade”, segundo defínese na Enciclopedia. Se algún dos membros desa sociedade non fose libre ou se lle privase dos seus dereitos, non ocuparía o verdadeiro posto de cidadán. Esta conquista, que non se daba no antigo réxime, era a principal aspiración dos ilustrados. Para facer efectiva esta aspiración e que o cidadán exerza convenientemente como tal imponse a atención á **educación**, así como a difusión e popularización da cultura, por iso Voltaire recomenda que o filósofo “baixe á rúa” Trátase de impor un modelo de sociedade que describe Montesquieu nos seus escritos, nos que, pondo como modelo político á Inglaterra do seu tempo, realiza unha crítica comparativa da sociedade do seu tempo en Francia. En “O espírito das leis” defende a doutrina do “**dereito natural**” que nos fai recoñecer a igualdade entre todos os homes polo feito de ser homes. Para facer valer esta igualdade e evitar calquera forma de escravitude vexatoria, resalta a importancia das **leis** e a **separación de poderes**.

O pensamento de Locke tamén vai ter unha influencia universal, de forma que resulta difícil esaxerar o éxito alcanzado ao longo do século. Moitos son os campos onde cabe advertir esta potencia de Locke: a teoría do coñecemento e a metafísica, pero tamén o pensamento político e educativo. O pensamento lockiano era experimentado a modo de liberación non só fronte a un sistema escolástico obsoleto, senón tamén fronte á pesada estrutura dos sistemas racionalistas. A negación das ideas innatas, a reivindicación da experiencia, o problema dos límites do coñecemento humano e o estudo da súa xénese, o problema das liberdades políticas, o problema da tolerancia, a plasticidade da natureza humana respecto da educación, un cristianismo menos fanático e supersticioso... son outros tantos problemas pertencentes ao acervo lockiano que gravitan poderosamente sobre os ilustrados franceses, aínda que adaptándose a un contexto moito máis tenso e polémico do que tivera que experimentar Locke.